



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Traballo fin de Mestrado		Código	613836007
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación			Correo electrónico	
Profesorado	Alonso Ramos, Margarita Fernández Ferreiro, Manuel Morales Lopez, Esperanza Vazquez Veiga, Nancy		Correo electrónico	margarita.alonso@udc.es manuel.fernandez.ferreiro@udc.es e.morales.lopez@udc.es nancy.vazquez.veiga@udc.es
Web				
Descrición xeral	Este traballo é de carácter obrigatorio e permite a avaliación dos coñecementos e as habilidades adquiridos polo alumno/a durante a realización do máster, así como a madurez científica alcanzada e a súa capacidade investigadora. O traballo fin de mestrado será realizado de forma individual polo/a estudante baixo a supervisión dun profesor titor. O labor de titorización tamén poderá desenvolverse coordinadamente por dous profesores.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Capacidade para formular unha investigación (acoutar o tema, solicitar información e buscar os recursos necesarios, elaborar un protocolo experimental) ou un proxecto que integre e desenvolva os coñecementos adquiridos para a súa aplicación nun ámbito profesional.	AI1 AI5 AI7 AI8 AI9	BI1 BI2 BI3 BI9	CM6 CM8
Capacidade de extraer conclusións dos resultados obtidos e abrir perspectivas de futuro.		BI1 BI2 BI3 BI5 BI7 BI9	CM3 CM4 CM5 CM7
Capacidade para adaptar o discurso escrito á situación académica, tanto no que respecta ao estilo, a estruturación e o uso de técnicas tipográficas.		BI4	CM1
Capacidade para adaptar o discurso oral á situación de defensa do traballo.		BI4	CM1

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>O traballo fin de máster versará sobre algún aspecto relacionado coas materias obrigatorias ou optativas que curse o alumnado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os dicionarios en liña e o seu papel nas tecnoloxías lingüísticas</li> <li>- Lexicografía e metalexigrafía</li> <li>- Fenómenos que mostran a interfase entre Sintaxe, Semántica e Fonoloxía suprasegmental</li> <li>- Análise do discurso e conflitos sociais e ideolóxicos</li> <li>- Análise do discurso e patoloxías</li> <li>- Estratexias e tácticas de normalización e de planificación aplicábeis ao caso galego</li> <li>- Sociolingüística e políticas lingüísticas</li> <li>- Recopilación e estudo de terminoloxías</li> <li>- Semántica e sintaxe: estudos contrastivos</li> <li>- Tipoloxía textual na rede</li> <li>- Dicionarios e ensino de español lingua estranxeira</li> <li>- Contacto de linguas</li> <li>- Bilingüismo, plurilingüismo e ensino de linguas</li> </ul>
---	---

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	1	0	1
Traballos tutelados	0	144	144
Atención personalizada	5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Exposición verbal a través da que o alumnado presentará o seu traballo e responderá ás preguntas, comentarios e suxestións feitas polo membros da Comisión Avaliadora.
Traballos tutelados	<p>O alumno definirá un tema concreto dentro dalgunha das liñas de investigación do mestrado.</p> <p>O traballo fin de mestrado será realizado de forma individual polo/a estudante baixo a supervisión do director ou directores do traballo.</p> <p>Son funcións do director: facilitar as orientacións precisas para a elaboración do traballo fin de mestrado por parte do alumno; supervisar a realización do proxecto, a calidade dos seus contidos e a súa adecuación ás presentes normas; e dar o visto bon para a inscrición e a presentación do traballo fin de mestrado.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O/a estudante terá, cando menos, un profesor tutor que guiará a realización do seu traballo.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	<p>Aínda que é obvio que a estrutura do TFM depende en gran medida do tema elixido, aconséllase que inclúa os seguintes apartados:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Capa que incluírá, obrigatoriamente, o emblema e o nome das tres Universidades, o nome da Facultade na que está matriculada o/a alumno/a, o nome do mestrado, o título do traballo, o nome do autor ou autora, o visto e prace manuscrito do profesorado titor co seu nome e o ano de presentación.</li><li>2. Índice do traballo con paxinación</li><li>3. Resumo do traballo</li><li>4. Introducción, que deberá incluír os obxectivos do traballo e a explicación e a xustificación da metodoloxía utilizada</li><li>5. Corpo do traballo</li><li>6. Conclusións</li><li>7. Referencias bibliográficas</li></ol> <p>O traballo fin de mestrado terá unha extensión mínima de 40 páxinas e máxima de 60, sen contar os anexos. O texto terá un espazo de interliñado de 1.5 e o tamaño da letra será de 12 puntos.</p>	80
Presentación oral	<p>O/a estudiant disporá de 15-20 minutos para presentar o seu traballo. Recoméndase que inclúa na súa presentación os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Introdución: problemática obxecto de estudo e seu interese</li><li>-Fundamentación teórica: delimitación dos conceptos que fundamentan o desenvolvemento do traballo.</li><li>-Fundamentación metodolóxica: metodoloxía que se seguiu para o alcance dos obxectivos definidos, e os datos obtidos mediante a súa aplicación</li><li>-Resultados: principais resultados obtidos</li></ul> <p>É aconsellable que o/a estudante acompañe a súa presentación oral de material de soporte visual, auditivo, etc., por exemplo, mediante unha presentación PowerPoint ou OpenOffice Impress, pero a presentación oral NON pode constituír a mera lectura de devandito material.</p>	20

### Observacións avaliación

**IMPORTANTE:** Calquera plaxio identificado será motivo de descalificación do TFM. Entenderase por plaxio: calquera cita literal (curta ou longa) presentada como propia (sen comiñas, etc.) e sen referencia da autoría, calquera apropiación das ideas ou metodoloxía dun autor ou autora que non se mencione nas referencias (sexo quen sexa: autor/a individual ou colectivo, dunha publicación impresa ou dun documento electrónico ou de uso restrinxido, páxina web, ou traballo que se está a levar a cabo por parte dun compañeiro ou compañeira, etc.).

### Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías